

NOTA DE PRENSA DE ALTERNATIVA VECIÑAL-EN MAREA

Con data de 10 de outubro de 2018, Alternativa Veciña-En Marea do Carballiño pola representación procesal do seu concellal Bernardo García presenta escrito formulando recurso contencioso administrativo contra a resolución do 8 de agosto de 2018 dictada polo Concello do Carballiño sobre a aprobación definitiva da R.P.T.

Con data de 30 de outubro de 2018 o xulgado contencioso/administrativo número 1 de Ourense ADMITE a trámite dito recurso.

A base e argumentación na que se basea dito recurso son as mesmas que viñamos xa defendendo tanto nas alegacións que se presentaron ao igual que no recurso de reposición que se presentou en tempo e forma ao Concello do Carballiño.

Sen entrar en detalle entodo o relato que se basa dito recurso, engadimos o primeiro e principal punto do mesmo, onde se incumpre ao noso entender coa lexislación vixente:

1. O incremento salarial da RPT é superior ao 1% que permite a lei, a secretaria remítenos ao apartado segundo do informe do interventor (13/05/2018). Neste caso dito informe apoiase en que o incremento salarial do 4,8% non é tal senón hai unha “clasificación e valoración” anterior cunha orzamentación asignadas aos diferentes postos da que partir, tal como se di no informe da asesoría privada que se contratou, GALIVALIA. Concretamente di:

“...xustificase a aplicación e o cumprimento de esta excepción. Concretamente, sinalase que os incremento retributivos atopan xustificación normativa neste precepto, na medida en que os mesmos se derivarían de adecuacións retributivas xeradas pola ordenación e valoración dos postos de traballo, os cales NON SE ATOPABAN, anteriormente, NIN ORDENADOS NIN ADECUADAMENTE VALORADOS...”

O artigo 15 da Lei 30/1984 de 2 de agosto de Medidas para a reforma da Función Pública, avala en todos os seus conceptos (adecuada valoración e ordenación dos distintos postos de traballo) á RPT do ano 2000-2001 presentada ó Pleno por Alternativa Veciñal-Son.

En base a esto si que hai RPTs aprobadas con anterioridade que se axustan completamente a lexislación vixente tanto do ano da súa aprobación como ao que nos pide a actual Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.

A xustificación de que non existe unha RPT aprobada anterior ó exercicio do 2018 na cal os postos de traballo non estean debidamente valorados e ordenados non é verdade.

Úns párrafos máis adiante relata dito informe de Intervención:

“consultado con Secretaría consta a aprobación de unha RPT do Concello de O Carballiño nos anos 2012, 2010, 2007. A secretaria cónstalle que a primeira RPT se aprobou probablemente no ano 1999 ou no ano 2000 pero no foi posible localizar o expediente. Posiblemente nese período intermedio existen outros Acordos Plenarios aprobando RPT do Concello”.

Estase pois incumprindo o artigo 21.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro que nos remite ao artigo 18 da Lei 3/2017, do 27 de xuño de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 que marca un máximo de 1% ao incremento salarial dos postos de traballo

que xa existian e aparecen reflexos en anteriores RPT, ordenados e valorados como este é o caso, e que nesta actual RPT se vai a un 4,8% para tódolos postos de traballo ao considerar este documento como a primeira RPT de este Concello.

Dende Alternativa Veciñal-En Marea esta RPT é totalmente continuista, e estase a utilizar como arma electoral, afianzando a uns postos de traballo xente que non accedeu aos mesmos baixo o criterio de igualdade de condicións, capacidade e méritos. Xente que accedeu a ditos postos de forma pouco clara e que están sendo investigados ditos contratos de traballo nun proceso xudicial aínda aberto.

Estamos ante unhas presuntas ilegalidades que só se sustentan na creación de unha rede clientelar, facendo do concello unha oficina de emprego, onde un posto de traballo se traduce nun voto. Un xeito pouco transparente e que vai en contra dos dereitos da xente do Carballiño e [d@s propi@s traballador@s](mailto:d@s_propi@s_traballador@s) que o seu traballo sempre dependerá do partido político que governe.

*Manuel Nogueira integrante de AV-En Marea
O Carballiño, 06 de novembro do 2018*